

Autor e ilustrador: **RAMÓN TRIGO**

Encadernado en cartóné
 42 páxinas a toda cor. 26x26 cm.
 Dispoñible en:

-Galego: "As luces que se acenden e se apagan"
 ISBN 978-84-8464-552-8

-Castelán: "Las bombillas que se encienden y se apagan"
 ISBN 978-84-934641-1-0

Prezo: 14 €

AS LUCES QUE SE ACENDEN E SE APAGAN

**Lusco tiña moitos botes de pintura, unha brocha e...
 unha luz enriba da cabeza.
 Pero el non sabía que facer con todo aquilo.
 Un día a luz acendéuselle.**

As dúbidas e curiosidades dos lectores sobre o proceso creativo dunha obra de arte teñen resposta grazas a este libro, o primeiro que escribe Ramón Trigo. O autor explica, cunha linguaxe sinxela, que calquera traballo relacionado coa creación é unha sucesión constante de probas e erros ata que se acada o resultado desexado. A pintura é o claro exemplo deste debate dialéctico do artista coa súa propia incertidume.

E cando está seguro o pintor de que a súa obra está rematada? "Nunca", responde Ramón Trigo coa seguridade que lle dá a experiencia. A súa forma de traballar non é de todo metódica, pero os bosquejos -moitísimos bosquejos-, matiza Trigo- son unha ferramenta clave do proceso creativo. "Porque as ilustracións non xurden por arte de maxia", explica o artista.

RAMÓN TRIGO (Vigo, 1965)


Con 18 anos publicaba os seus traballos como ilustrador e debuxante de cómic en revistas especializadas e xornais. As súas primeiras obras pictóricas datan de 1986; dende entón realiza exposicións e ilustra libros para editoriais como Xerais, Ir Indo Tambre e KALANDRAKA:

- "O pirata pata de lata", con texto de Xosé Manuel González 'Oli' (KALANDRAKA)
 - "Manu", un relato de Irene Pérez Pintos. (KALANDRAKA)

Traballou en Alemaña, Francia e Portugal. Na súa traxectoria recibiu numerosos galardóns, coma o segundo premio Eixo Atlántico de pintura e -máis recente- o premio do II Concurso Internacional Álbum Infantil do Cabildo de Gran Canaria e o Premio Internacional de Álbum Ilustrado Ciudad de Alicante. Durante 2005 expuxo no Parlamento Europeo de Bruxelas a serie "Mar de fondo".

As lámpadas son o elemento simbólico deste libro; representan o bulir de ideas que se produce na mente de Lusco: dende un bodegón, ata unha paisaxe, pasando por un retrato ou un cadro mariño, nada satisfai a este creador inconformista.

Lusco invita ao lector a ver máis aló dun simple lenzo: "Detrás dese cadro está todo o que el quere pintar", engade Ramón Trigo. E todo o que o lector queira imaxinar.



- **Temática:** arte
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Técnicas:** mestura de pigmento e cola, collage, tinta, acrílico e témperas
- **Aplicacións:** achegarllas aos lectores as complexidades que rodean o proceso creativo, inicialos en conceptos básicos (como as temáticas dos cadros), afondar no oficio do artista